



IES ESCOLAS PROVAL  
NIGRÁN

## **Programa de recuperación da materia de bioloxía e xeoloxía de 3º da ESO.**

O alumnado coa **materia pendente da materia de bioloxía e xeoloxía de 3º da ESO** seguirán o seguinte programa de recuperación.

1. O alumnado terá dereito a realizar dous exames parciais da materia con carácter eliminatorio, cos contidos impartidos no curso 2015-16, seguindo o libro de texto utilizado do ano pasado ( Santillana) e nas datas (aproximadas ) que se detallan a continuación:

**1º Exame:** Incluirá os contidos dos temas 1,2,3,4 do libro de texto. Data proposta: 3ª semana de **Xaneiro**

**2º Exame:** Incluirá os contidos dos temas 5,6,7,8 do libro de texto. Data proposta: Última semana de **Abril**

2. O alumno/a que suspenda algún destes parciais cunha nota inferior a 3 deberá presentarse a un exame final en Maio, cos contidos correspondentes.
3. Ao alumnado ca materia pendente, recoméndaselle seguir un **plan de traballo con carácter voluntario**, que consistirá na realización de cuestionarios preparatorios sobre a materia a recuperar.

### **CONVOCATORIA ORDINARIA**

A nota final de xuño será unha das seguintes:

- A media aritmética entre as cualificacións dos parciais (para notas mínimas igual ou maior que 3)
- A nota obtida no exame de maio.
- O alumnado que suspenda esta convocatoria, deberá presentarse con todos os contidos na convocatoria extraordinaria.

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA** a nota será a obtida no exame de setembro

## **Contidos de recuperación da materia bioloxía e xeoloxía de 3º da ESO.**

**1º Exame:** Incluirá os contidos dos temas 1,2,3,4 do libro de texto Bioloxía e xeoloxía da editorial Santillana, que se inclúen a continuación:

### **Tema1. A organización do corpo humano**

1. Interpretar os diferentes niveis de organización no ser humano e a relación entre eles.
2. Diferenciar os distintos tipos celulares e describir a función das estruturas e dos orgánulos que as compoñen.
3. Recoñecer os principais tecidos que conforman o corpo humano, e asociar a estes a súa función.

### **Tema2. Alimentación e saúde**

4. Discriminar o proceso de nutrición da alimentación.
5. Relacionar cada nutriente coa función que desempeña no organismo.
6. Interpretar a roda dos alimentos.
7. Diseñar hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando os diferentes grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles.

### **Tema3 e 4. A nutrición: aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.**

8. Determinar e identificar, a partir de esquemas, os distintos órganos, aparatos e sistemas implicados na función de nutrición.
9. Recoñecer a función de cada un dos aparatos e sistemas nas funcións de nutrición.
10. Coñecer e explicar os compoñentes dos aparatos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor e o seu funcionamento.
11. Diferenciar as enfermidades máis frecuentes dos órganos, aparatos e sistemas implicados na nutrición, e asociaas coas súas causas.

**2º Exame:** Incluirá os contidos dos temas 5,6,7,8 do libro de texto Bioloxía e xeoloxía da editorial Santillana, que se inclúen a continuación:

### **Tema5. A relación: os sentidos e o sistema nervioso**

12. Describir os procesos implicados na función de relación e identificar o órgano ou a estrutura responsable de cada proceso.
13. Especificar a función de cada un dos aparatos e sistemas implicados na funcións de relación.
14. Clasificar distintos tipos de receptores sensoriais e relaciónalos cos órganos dos sentidos nos cales se encontran.
15. Coñecer e describir os compoñentes dos sentidos: a vista e o oído e o seu funcionamento.
16. Coñecer e describir os compoñentes do sistema nervioso.
17. Especificar cada unha das partes do sistema nervioso e a súa función.
18. Identificar algunhas enfermidades comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.

### **Tema 6. A relación: o sistema endócrino e o aparato locomotor**

19. Enumerar as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.
20. Recoñecer os compoñentes do sistema esquelético e muscular e relacionalas coa súa función.
21. Localizar os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparato locomotor.
22. Identificar os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparato locomotor e relaciónalos coas lesións que producen.

### **Tema7. A reprodución**

23. Identificar en esquemas os distintos órganos do aparato reprodutor masculino e feminino, e especificar a súa función.
24. Describir as principais etapas do ciclo menstrual e indicar que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
25. Discriminar os distintos métodos de anticoncepción humana.
26. Categorizar as principais enfermidades de transmisión sexual e argumentar sobre a súa prevención.
27. Identificar as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.

### **Tema8. A saúde e o sistema inmunitario.**

28. Recoñecer as enfermidades e infeccións máis comúns, e relaciónalos coas súas causas.
29. Distinguir e explicar os diferentes mecanismos de transmisión das enfermidades infecciosas.
30. Identificar os mecanismos de defensa do organismo ante a presenza de patóxenos.
31. Explicar en que consiste o proceso de inmunidade e valorar o papel das vacinas como método de prevención das enfermidades.
32. Propoñer métodos para evitar o contaxio e a propagación das enfermidades infecciosas máis comúns.
33. Argumentar as implicacións que teñen os hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.
34. Coñecer e describe hábitos de vida saudable e identifícalos como medio de promoción da súa saúde e da dos demais.